

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Alumnado

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	IES Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza			Ciclo formativo/Curso de especialización			Grao	
Graos D: Ciclos formativos			D3IMP000200 - Estilismo e dirección de peiteado			A	
Módulo							
MP1069 - Estilismo en peiteado (2º)							
Tipo de oferta			Modalidade			Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario			Presencial			Xeral	A
Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro			
9	246	50	295	153			

Profesorado responsable

Docentes
Varela Pena, Ana María

Contido	Páxina
Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
Relación e secuencia de unidades didácticas	3
Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
Procedemento de avaliación inicial.	12
Criterios de cualificación e recuperación	12
Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	15
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	15
Programación da educación en valores.	16
Actividades complementarias e extraescolares.	16
Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	17
Outros apartados.	17

Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

As persoas que obteñan o título de técnico superior en Estilismo e Dirección de Peiteado poderán exercer a súa actividade na dirección de procesos de peiteado en empresas dedicadas ao sector e en producións audiovisuais e escénicas, onde desenvolven tarefas individuais e grupais nas áreas funcionais de deseño e innovación, organización e prestación de servizos, comercialización, loxística, calidade, prevención de riscos e xestión ambiental. Actúan por conta propia, cun alto grao de autonomía, asumindo labores de xestión e dirección, ou por conta allea, integrándose nun equipo de traballo con persoas de nivel de cualificación igual, inferior ou superior. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes: Director/ora técnico/a artístico/a en empresas de peiteado e en producións audiovisuais, escénicas e de moda. Especialista en análise e tratamentos capilares. Estilista. Especialista en próteses capilares e postizaría. Conselleiro/a avaliador/ora de empresas de peiteado. Experto/a en coidados capilares en clientela con necesidades especiais. Traballador/ora cualificado/a en clínicas capilares e centros de medicina e cirurxía estética.

A superación do módulo de estilismo e peiteado acredita as seguintes Unidades de Competencia:

UC0793_3: Asesorar ás persoas usuarias e producións de medios escénicos, audiovisuais o de moda/fotografía sobre o coidado e transformación estética do cabelo e pelo do rostro.

UC2685_2: Realizar técnicas de corte do cabelo.

UC2686_2: Realizar técnicas de barbería.

Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Análise da imaxe peiteado asociados a imaxe persoal.	Estudio das distintas tipoloxías relacionadas ca imaxe persoal existentes.	9	12
2	Técnicas de corte para a creación de estilos	Estudo e deseño coas diferentes ferramentas de corte dos estilos de corte	18	35
3	Creación e coidado do estilismo en peiteado asociados a imaxe persoal.	Estudo dos distintos estilismos en peiteado o longo da historia. Coñecer a influencia da moda para crear diversos estilismos en tendencia.	12	11
4	O coidado masculino	Estudio do cliente masculino, estilismo de cabelo , barba e bigote	16	26
5	Propostas de estilos.	Estructura e distintos soportes visuais das propostas de cambio	9	21
6	Propostas de mantemento	Estructura e mantemento dos diferentes estilos	9	15
7	Avaliación de resultados	Análisis dos resultados dos cambios propostos	9	9
8	Creación de estilismos en cabelo adaptados a imaxe persoal	Creación de estilismos capilares adaptados as características de imaxe e social das persoas participantes. O alumnado debe deseñar estilismos capilares que se adapten os aspectos que son relevantes na imaxe das persoas e xustificar cada un deles.	18	24

Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Análise da imaxe peiteado asociados a imaxe persoal.	12

Criterios de avaliación
RA3 - Adapta os estilos á imaxe persoal, tendo en conta a súa relación coa análise das características persoais, sociais e laborais, e coa moda.
CA3.1 - Determináronse pautas para a análise das características físicas e morfolóxicas da persoa usuaria.
CA3.2 - Identificáronse alteracións estéticas na zona.
CA3.3 - Aplicáronse técnicas de psicomorfoloxía e visaxismo.
CA3.4 - Identificouse o patrón estético de peiteado, maquillaxe, complementos e vestuario da persoa usuaria.
CA3.5 - Estableceuse o procedemento para detectar as necesidades persoais, sociolaborais ou artísticas na creación da imaxe personalizada.
CA3.6 - Diferenciouse o tipo de cambio (puntual ou definitivo), segundo o ámbito de aplicación.
CA3.7 - Establecéronse criterios para potenciar, neutralizar ou modificar a imaxe a través de estilos de peiteado.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Adaptación dos estilos á imaxe persoal
Atención e recepción da clientela.
Documentación técnica para o estudo da imaxe. Ficha técnica.
Análise das características persoais.
Análise da pel e o cabelo. Características e condicións do cabelo.
Análise morfolóxica facial e corporal. Identificación de trazos físicos. Puntos antropométricos de referencia.
Análise de patróns habituais de peiteado, maquillaxe, complementos, vestuario, movemento e expresión.
Determinación das necesidades sociolaborais, persoais, artísticas, etc.
Identificación e proxección da imaxe. Ámbito de aplicación. Cambio puntual, para evento, definitivo, empresarial, artístico e social

Contidos

Creación de identidade de imaxe personalizada. Calidades da imaxe. Pautas para potenciar, neutralizar e modificar a imaxe persoal. Nivel de concreción de estilo no cabelo.

UD	Título da UD	Duración
2	Técnicas de corte para a creación de estilos	35

Criterios de avaliación

RA5 - Realiza cambios de estilos, aplicando técnicas de corte do cabelo.

CA5.1 - Caracterizáronse os estilos de corte e a súa influencia na imaxe persoal.

CA5.2 - Relacionouse o estilo de corte coas características persoais e do cabelo.

CA5.3 - Identificáronse estilos de corte en función da súa configuración ou da súa xeometría.

CA5.4 - Relacionouse a forma de realización cos efectos conseguidos.

CA5.5 - Establecéronse os parámetros que inflúen na realización do corte de cabelo.

CA5.6 - Xustificouse a elección da técnica de corte.

CA5.7 - Establecéronse os criterios de integración e secuencia das técnicas de peiteado (cor e forma) co corte.

CA5.8 - Aplicáronse medidas e proporcións para a configuración do corte.

CA5.9 - Realizáronse estilos de corte de cabelo.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos

BC5 - Realización de cambios de estilos a través do corte de cabelo

Proposta personalizada: definición e estrutura. Tipos de propostas segundo as necesidades: cotiás, en actos, eventos, etc. Documentación técnica anexa. Orzamentos. Planificación de accións: calendario de actuación.

Deseños gráficos e audiovisuais. Aplicación de ferramentas manuais, gráficas e informáticas. Editor de textos e de imaxes dixitais, navegador web, diagramas e editor de presentacións.

Presentación da proposta: aplicación de técnicas de comunicación para a presentación da proposta. Procesamento e arquivo da información: documentación dixital e impresa.

UD	Título da UD	Duración
3	Creación e coidado do estilismo en peiteado asociados a imaxe persoal.	11

Criterios de avaliación
RA1 - Caracteriza os estilos de imaxe asociados aos cambios do cabelo, analizando os elementos que o conforman.
CA1.1 - Diferenciáronse os conceptos de estilo, moda e tendencias.
CA1.2 - Caracterizáronse os elementos que definen o estilo en peiteado.
CA1.3 - Determináronse as características e a harmonía da cor.
CA1.4 - Caracterizáronse as liñas, as formas e os volumes que configuran un estilo.
CA1.5 - Identificáronse os tipos de complementos para estilismos de imaxe, asociados aos cambios do cabelo.
CA1.6 - Identificáronse os estilos de imaxe asociados aos cambios do cabelo.
CA1.7 - Elaboráronse pautas para a elaboración de manuais e books de estilos.
CA1.8 - Establecéronse criterios de clasificación e arquivo da documentación sobre patróns estéticos.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Caracterización dos estilos de imaxe asociados aos cambios do cabelo
Concepto de estilo, modas e tendencias. Definicións segundo a autoría. Contextualización e antecedentes.
Elementos que definen o estilo de imaxe asociados aos cambios do cabelo- A cor: características e harmonía. Clasificación: gama (cálidas e frías), luminosidade (claras, medias e escuras), ton (monocolor, bicolor e multicolor) e intensidade (baixa ou pálida, media e forte). Test de cor.
Liñas, formas e volumes: características. Clasificación e configuración de liñas (rectas, onduladas e curvas), volumes e formas (estáticas ou dinámicas).
Complementos de peiteado na creación de estilos.
Clasificación de estilos de imaxe: estilismo creativo e dirixido.
Manual de estilos. Pautas para a elaboración dun book de estilos. Linguaxes para o manual de estilos: fotográfica, ilustración, tipográfica, cor, etc.
Base de información de patróns estéticos. Clasificación e arquivos dos datos.

UD	Título da UD	Duración
4	O coidado masculino	26

Criterios de avaliación
RA6 - Realiza estilismos masculinos, aplicando técnicas de deseño e configuración de barba, bigote e patillas.
CA6.1 - Determináronse estilos de barba e bigote.
CA6.2 - Aplicáronse técnicas de visaxismo para o estudo do rostro
CA6.3 - Recoñeceuse como elemento diferenciador masculino o estilismo de barba e do bigote.
CA6.4 - Determináronse as correccións das desproporcións estéticas no rostro a través da barba, o bigote e as patillas.
CA6.5 - Configuráronse bosquejos con distintos estilismos de barba e bigote.
CA6.6 - Propuxéronse cambios de imaxe do rostro masculino mediante a transformación de barba, bigote e patillas.
CA6.7 - Aplicáronse técnicas para descarga e delimitación do contorno da barba, o bigote e as patillas.
CA6.8 - Deseñáronse estilismos masculinos innovadores.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Realización de estilismos masculinos
Atención e recepción da clientela.
Normas de seguridade e hixiene. Ergonomía e hixiene postural. Lenzaría e utensilios auxiliares.
Medios técnicos, utensilios e ferramentas para estilismos masculinos
Hixiene e acondicionamento capilar e/ou facial.
Masaxe facial asociada ao estilismo masculino.
Clasificación dos estilos de barba, bigote e patillas: descrición e características.
Evolución do canon de beleza masculino. Influencia da barba, o bigote e as patillas na imaxe persoal.
Deseño de barba, o bigote e as patillas. Aplicación de técnicas de visaxismo e psicomorforloxía do rostro. Corrección estética. Deseño de estilos a través de bosquejos.

Contidos
Técnica de descarga e delimitación do contorno de barba, o bigote e as patillas. Pautas para a realización (corte, rasurado e depilación). Acabamentos de fantasía e innovadores a través de patróns, de barba, patillas e cellas. Procedemento de execución.
Xestión de residuos.

UD	Título da UD	Duración
5	Propostas de estilos.	21

Criterios de avaliación
RA2 - Crea estilos de imaxe a través de técnicas de peiteado, describindo as fases para a elaboración do novo deseño.
CA2.1 - Caracterizáronse procedementos e metodoloxía para a creación de estilos de peiteado.
CA2.2 - Establecéronse pautas de planificación e secuencia do proceso.
CA2.3 - Interpretáronse patróns de moda e publicacións.
CA2.4 - Identificáronse como elementos do novo estilo os símbolos, as cores, as liñas, as formas e os volumes.
CA2.5 - Realizáronse esbozos ou bosquejos da creación.
CA2.6 - Avaliouse a viabilidade do proxecto.
CA2.7 - Identificáronse pautas para a realización do estudo artístico.
CA2.8 - Determináronse os elementos que forman parte do estudo técnico.
CA2.9 - Establecéronse xeitos e lugares de presentación e difusión do prototipo de novo estilo.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Crea estilos de imaxe a través de técnicas de peiteado, describindo as fases para a elaboración do novo deseño.
Procedemento de creación de novos estilos de peiteado. Creatividade, intuición e reflexión: a súa interrelación. Idea, concepto e proceso creativo.
Metodoloxías de creación. Creación en paneis de inspiración ou mood boards. Planificación e secuencia. Investigación como base da inspiración e da realización. Interpretación de patróns de moda e publicacións. Esbozos

Contidos
ou bosqueños da creación. Avaliación
Características técnicas da creación. Estudo artístico: contextualización e antecedentes, características do novo estilo e calidades que hai que transmitir. Estudo técnico: determinación de procesos e materiais; complementos ao deseño.
Presentación da colección de deseños. Creación do manual do novo deseño. Lugares de presentación (pasarelas, feiras, casas comerciais, revistas, obradoiros, showrooms e outros eventos de moda). Selección de modelos. Pautas para a realización de castings.
Xeitos de difusión do prototipo. Técnicas de márketing para estilismo (páxinas web, publicacións, layouts creativos, etc).

UD	Título da UD	Duración
6	Propostas de mantemento	15

Criterios de avaliación
RA8 - Elabora programas de mantemento da nova imaxe, establecendo pautas de actuación.
CA8.1 - Especificouse a secuencia e a temporalización para o mantemento persoal do traballo técnico realizado.
CA8.2 - Identificáronse pautas de hixiene e mantemento persoal do cabelo.
CA8.3 - Aplicáronse criterios de selección e utilización de cosmética de mantemento.
CA8.4 - Aplicáronse pautas de mantemento e transformación do peiteado.
CA8.5 - Estableceuse pautas de asesoramento sobre tratamentos asociados.
CA8.6 - Establecéronse pautas para colaboración e coordinación con diferentes profesionais.
CA8.7 - Establecéronse medidas de adecuación da nova imaxe á evolución persoal e/ou profesional.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC8 - Elaboración de programas de mantemento da nova imaxe
Pautas para a elaboración dos programas de mantemento e o plan de actuación. Criterios de selección e utilización cosmética de mantemento. Pautas de mantemento e transformación do peiteado.
Asesoramento sobre outros tratamentos. Pautas para a colaboración e coordinación con diferentes profesionais.

Contidos
Medidas de adecuación da nova imaxe, coa evolución persoal e/ou profesional.

UD	Título da UD	Duración
7	Avaliación de resultados	9

Criterios de avaliación
RA7 - Avalía o resultado final, aplicando medidas que permitan corrixir as desviacións.
CA7.1 - Aplicáronse medidas correctoras a posibles desviacións do obxectivo que se pretenda conseguir.
CA7.2 - Identificáronse os indicadores de calidade nos procesos de estilismo.
CA7.3 - Utilizouse a linguaxe técnica adecuada ao nivel e ao persoal.
CA7.4 - Verificouse o grao de cumprimento dos protocolos establecidos.
CA7.5 - Avaliouse o grao de satisfacción da clientela.
CA7.6 - Resolvéronse os problemas presentados no desenvolvemento da actividade.
CA7.7 - Formuláronse medidas de actuación en caso de emerxencias por irritacións, alerxias ou cortes.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC7 - Avaliación do resultado final
Medidas de corrección de desviacións nos resultados obtidos.
Calidade nos servizos de estilismo. Avaliación e control de calidade.
Desviacións na prestación dos servizos. Resolución de queixas.
Medidas de actuación en caso de emerxencias por irritacións, alerxias ou cortes.

UD	Título da UD	Duración
8	Creación de estilismos en cabelo adaptados a imaxe persoal	24

Criterios de avaliación
RA4 - Elabora e presenta propostas de cambio de imaxe a través do peiteado, utilizando documentación de apoio e aplicacións informáticas.
CA4.1 - Determinouse a estrutura da proposta personalizada.
CA4.2 - Realizáronse propostas de peiteado.
CA4.3 - Especificáronse características da documentación técnica anexa á proposta.
CA4.4 - Determináronse pautas para a elaboración do orzamento.
CA4.5 - Estableceuse a secuencia dos procesos para o cambio de imaxe.
CA4.6 - Aplicáronse ferramentas manuais, gráficas e informáticas para a elaboración de deseños.
CA4.7 - Aplicáronse técnicas de comunicación para a presentación da proposta.
CA4.8 - Utilizáronse sistemas de procesamento de arquivos de información analóxica e dixital.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Elaboración e presentación de propostas de cambio de imaxe a través do peiteado
Proposta personalizada: definición e estrutura. Tipos de propostas segundo as necesidades: cotiás, en actos, eventos, etc. Documentación técnica anexa. Orzamentos. Planificación de accións: calendario de actuación.
Deseños gráficos e audiovisuais. Aplicación de ferramentas manuais, gráficas e informáticas. Editor de textos e de imaxes dixitais, navegador web, diagramas e editor de presentacións.
Presentación da proposta: aplicación de técnicas de comunicación para a presentación da proposta. Procesamento e arquivo da información: documentación dixital e impresa.

Procedemento de avaliación inicial.

Fundamental para coñecer a situación do/a alumno/a ao comezo do curso. Utilizaranse varias estratexias para a recollida de información.

Realizaranse: Probas prácticas curtas e teóricas: a tipoloxía de estas probas estarán baseadas nas técnicas de estilismo en peiteados (técnicas de corte feminino e masculino), conceptos previos necesarios para o desenrolo da parte práctica do módulo. Os resultados obtidos polo alumnado nesta proba servirán para establecer o punto no que se atopa cada alumno/a con respecto á materia, as actitudes e as destrezas e constituirán unha fonte de información que axudará a axustar e adecuar a metodoloxía de traballo a cada caso particular. Tamén servirán, mediante unha comparativa cos resultados finais, para rexistrar a evolución do alumno/a.

Ao comezo do ciclo formativo, o equipo docente realizara unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Nesta sesión recollerase a información dispoñible sobre as características xerais do grupo e tamén acerca das circunstancias especificamente académicas ou persoais con incidencia educativa, do alumnado. Esta avaliación en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

Criterios de cualificación e recuperación

Procedemento e criterios de cualificación:

1.1 PROCEDIMENTO

Para avaliar se se acadou a cualificación positiva trimestral do módulo disporase dunha serie de instrumentos de avaliación que estarán relacionados cos Criterios de Avaliación que se empregarán para avaliar:

- Probas escritas (peso total UDs 29%) . Avaliarán os contidos conceptuais e realizaranse a través de preguntas curtas ou longas a desenrolar, probas orais ou esquemas.

- Probas prácticas (peso total UDs 71%) : Avalarán os desempeños e a produción. Faranse sobre fichas de traballo, tarefas e probas prácticas na aula taller (versarán na execución de rasurado e arranxo de barba e bigote, cortes de cabelo e a creación de estilos de corte aplicando técnicas de cor e diferentes peiteados) tendo en conta as medidas de seguridade e hixiene, desinfección e esterilización nos procesos) e actividades teórico-prácticas (bosquexos, protocolos)

Para superar o módulo o alumnado deberá acadar unha nota dun 5 sobre 10 ((ou media ponderada da nota asignada a proba) en cada unha das probas (teórica e práctica), de non ser o caso o alumnado terá a avaliación suspensa. A Cualificación na plataforma do Xade debe ser un número enteiro, polo que , **establécese que se a nota decimal obtida polo alumnado é inferior o 0,70 o redondeo farase hacia a baixa.**

O alumnado que non realice algunha proba ou parte desta terá un nota numérica de 0 que fará media para a obtención da nota de cada avaliación.

A cualificación final do módulo que coincide coa avaliación final, será a media ponderada das avaliacións.

1.2 Criterios de cualificación

RA1. Caracteriza os estilos de imaxe asociados aos cambios do cabelo, analizando os elementos que o conforman.

- CA1.1 - Diferenciáronse os conceptos de estilo, moda e tendencias.
- CA1.2 - Caracterizáronse os elementos que definen o estilo en peiteado.
- CA1.3 - Determináronse as características e a harmonía da cor.
- CA1.4 - Caracterizáronse as liñas, as formas e os volumes que configuran un estilo.
- CA1.5 - Identificáronse os tipos de complementos para estilismos de imaxe, asociados aos cambios do cabelo.
- CA1.6 - Identificáronse os estilos de imaxe asociados aos cambios do cabelo.
- CA1.7 - Elaboráronse pautas para a elaboración de manuais e books de estilos.
- CA1.8 - Establecéronse criterios de clasificación e arquivo da documentación sobre patróns estéticos.
- RA2. Crea estilos de imaxe a través de técnicas de peiteado, describindo as fases para a elaboración do novo deseño.
- CA2.1 - Caracterizáronse procedementos e metodoloxía para a creación de estilos de peiteado.
- CA2.2 - Establecéronse pautas de planificación e secuencia do proceso.
- CA2.3 - Interpretáronse patróns de moda e publicacións.
- CA2.4 - Identificáronse como elementos do novo estilo os símbolos, as cores, as liñas, as formas e os volumes.
- CA2.5 - Realizáronse esbozos ou bosqueños da creación.
- CA2.6 - Avaliouse a viabilidade do proxecto.
- CA2.7 - Identificáronse pautas para a realización do estudo artístico.
- CA2.8 - Determináronse os elementos que forman parte do estudo técnico.
- CA2.9 - Establecéronse xeitos e lugares de presentación e difusión do prototipo de novo estilo.
- RA3. Adapta os estilos á imaxe persoal, tendo en conta a súa relación coa análise das características persoais, sociais e laborais, e coa moda.
- CA3.1 - Determináronse pautas para a análise das características físicas e morfolóxicas da persoa usuaria.
- CA3.2 - Identificáronse alteracións estéticas na zona.
- CA3.3 - Aplicáronse técnicas de psicomorfloxía e visaxismo.
- CA3.4 - Identificouse o patrón estético de peiteado, maquillaxe, complementos e vestuario da persoa usuaria.
- CA3.5 - Estableceuse o procedemento para detectar as necesidades persoais, sociolaborais ou artísticas na creación da imaxe personalizada.
- CA3.6 - Diferenciouse o tipo de cambio (puntual ou definitivo), segundo o ámbito de aplicación.
- CA3.7 - Establecéronse criterios para potenciar, neutralizar ou modificar a imaxe a través de estilos de peiteado.
- RA4. Elabora e presenta propostas de cambio de imaxe a través do peiteado, utilizando documentación de apoio e aplicacións informáticas.
- CA4.1 - Determinouse a estrutura da proposta personalizada.
- CA4.2 - Realizáronse propostas de peiteado.
- CA4.3 - Especificáronse características da documentación técnica anexa á proposta.
- CA4.4 - Determináronse pautas para a elaboración do orzamento.
- CA4.5 - Estableceuse a secuencia dos procesos para o cambio de imaxe.
- CA4.6 - Aplicáronse ferramentas manuais, gráficas e informáticas para a elaboración de deseños.
- CA4.7 - Aplicáronse técnicas de comunicación para a presentación da proposta.
- CA4.8 - Utilizáronse sistemas de procesamento de arquivos de información analóxica e dixital.
- RA5. Realiza cambios de estilos, aplicando técnicas de corte do cabelo.
- CA5.1 - Caracterizáronse os estilos de corte e a súa influencia na imaxe persoal.
- CA5.2 - Relacionouse o estilo de corte coas características persoais e do cabelo.
- CA5.3 - Identificáronse estilos de corte en función da súa configuración ou da súa xeometría.
- CA5.4 - Relacionouse a forma de realización cos efectos conseguidos.
- CA5.5 - Establecéronse os parámetros que inflúen na realización do corte de cabelo.
- CA5.6 - Xustificouse a elección da técnica de corte.
- CA5.7 - Establecéronse os criterios de integración e secuencia das técnicas de peiteado (cor e forma) co corte.

CA5.8 - Aplicáronse medidas e proporcións para a configuración do corte.

CA5.9 - Realizáronse estilos de corte de cabelo.

RA6. Realiza estilismos masculinos, aplicando técnicas de deseño e configuración de barba, bigote e patillas.

CA6.1 - Determináronse estilos de barba e bigote.

CA6.2 - Aplicáronse técnicas de visaxismo para o estudo do rostro

CA6.3 - Recoñeceuse como elemento diferenciador masculino o estilismo de barba e do bigote.

CA6.4 - Determináronse as correccións das desproporcións estéticas no rostro a través da barba, o bigote e as patillas.

CA6.5 - Configuráronse bosquejos con distintos estilismos de barba e bigote.

CA6.6 - Propuxéronse cambios de imaxe do rostro masculino mediante a transformación de barba, bigote e patillas.

CA6.7 - Aplicáronse técnicas para descarga e delimitación do contorno da barba, o bigote e as patillas.

CA6.8 - Deseñáronse estilismos masculinos innovadores.

RA7. Avalía o resultado final, aplicando medidas que permitan corrixir as desviacións.

CA7.1 - Aplicáronse medidas correctoras a posibles desviacións do obxectivo que se pretenda conseguir.

CA7.2 - Identificáronse os indicadores de calidade nos procesos de estilismo.

CA7.3 - Utilizouse a linguaxe técnica adecuada ao nivel e ao persoal.

CA7.4 - Verificouse o grao de cumprimento dos protocolos establecidos.

CA7.5 - Avaliouse o grao de satisfacción da clientela.

CA7.6 - Resolvéronse os problemas presentados no desenvolvemento da actividade.

CA7.7 - Formuláronse medidas de actuación en caso de emerxencias por irritacións, alerxias ou cortes.

RA8. Elabora programas de mantemento da nova imaxe, establecendo pautas de actuación.

CA8.1 - Especificouse a secuencia e a temporalización para o mantemento persoal do traballo técnico realizado.

CA8.2 - Identificáronse pautas de hixiene e mantemento persoal do cabelo.

CA8.3 - Aplicáronse criterios de selección e utilización de cosmética de mantemento.

CA8.4 - Aplicáronse pautas de mantemento e transformación do peiteado.

CA8.5 - Estableceuse pautas de asesoramento sobre tratamentos asociados.

CA8.6 - Establecéronse pautas para colaboración e coordinación con diferentes profesionais.

CA8.7 - Establecéronse medidas de adecuación da nova imaxe á evolución persoal e/ou profesional.

Procedemento e criterios de recuperación

Este procedemento está dirixido ó alumnado que non alcanzou unha avaliación positiva global (o módulo no seu conxunto) ou parcial (dunha ou varias unidades didácticas).

Este proceso de recuperación debe propiciar aprender máis ou mellor, polo tanto estarán implicados nel tanto o profesorado como o alumnado. Incluiremos accións de dúas naturezas:

Por parte do profesorado: analizar as causas do resultado; achegar información ao alumnado sobre aqueles aspectos nos que non se conseguiu o obxectivo da aprendizaxe, así como as pautas de mellora; axudar ao alumnado a que consiga mellorar o seu rendemento preparando para iso tarefas de reforzo; preparar algunha tarefa ou proba na que cada alumno ou alumna mostre a súa nova aprendizaxe.

Por parte do alumnado: analizar as causas do resultado obtido mediante tarefas de autoavaliación; aumentar o esforzo persoal; dedicar máis tempo ao estudo; repetir algunha tarefa; refacer de novo exercicios; superar algunha proba.

2.1 Procemento e criterios de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN Recuperación parcial, por avaliación.

A recuperación terá carácter personalizado polo que cada alumno/a realizará tarefas diferentes, adaptadas a cada caso. Estas actividades de recuperación serán tarefas de reforzo (teóricas ou prácticas), coas cales o alumnado demostrará os seus coñecementos, e o seu desenvolvemento. Será ao longo da seguinte avaliación.

Realizarase a recuperación das partes non superadas antes de ir a empresa que coincide coa 2ª avaliación.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que non acade a avaliación positiva do módulo e non poida incorporarse á fase de formación na empresa, establecerase un plan de recuperación individualizado (indicaranse as competencias que ten que superar e como se vai a realizar e a temporalización destas) coa finalidade de que o alumnado alcance as competencias profesionais necesarias para abordar con garantía as actividades formativas na empresa nun período posterior.

O plan de recuperación terá un período dende finais de febreiro ata xuño onde se realizarán tarefas prácticas e/ou teóricas similares as realizadas durante o curso. Para traballar as competencias non adquiridas o alumnado, terá que asistir as clases que se lle marquen no horario para realizar as tarefas coa finalidade de mellorar os seus coñecementos, destrezas e ser avaliado novamente. Aplicaranse os mesmos criterios de cualificación que se empregaron durante o curso e están reflexados no apartado 6.1.

Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Segundo a RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2025/26. Decimo noveno. b) Para o alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo de segundo curso, realizarase unha proba extraordinaria antes da segunda avaliación parcial e a cualificación obtida reflectirase na correspondente sesión de avaliación.

Constará dunha proba con dúas partes onde se avaliarán as competencias traballadas o longo do curso académico 2025_26.

Para aqueles alumnos/as que perderan o dereito á avaliación continua farase, realizarase unha proba extraordinaria. Consistirá nunha proba teórico-práctica onde deberán demostrar a superación as competecias do módulo. Terá unha duración de 250 min. e será realizada pola profesora do módulo.

- Realización de proba escrita (60 min) de cada unha das UD's vistas ao longo do curso.

- Realización dunha proba práctica (190 min) que constará dun estilo de barba e bigote e un corte de cabelo armonizando coa cor e o peiteado (ficha técnica, bosquejo e técnicas a empregar) en función das características morfolóxicas da clientela.

- Selección axeitada dos útiles empregados en condicións de seguridade e hixiene óptimas e deixalas desinfectadas, esterilizadas e gardadas o rematar a proba práctica.

- Manter instalacións ordeadas antes e despois da tarefa práctica.

A cualificación será a mesma que no punto 6.1 desta programación

PROBA ESCRITA (29%)

PROBA PRÁCTICA (71%)

Para as probas o alumnado debe traer todo o material e ferramentas necesarias así como o maniquí ou persoa física se fose necesaria.. O alumnado que non poida traer modelos reais, deberá traer un ou dous maniquís para as probas prácticas segundo as indicacións expostas nas bases das probas que serán publicadas con antelación no taboleiro do IES Lamas de Abade e na Aula virtual.

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Realízase avaliación inicial cun cuestionario ou unha pequena proba práctica para poder ver os coñecementos do alumnado.

Aquel alumnado que presenten dificultades para superar as competencias do módulo ou teñan dificultades en adquirir destrezas deberá realizar tarefas de reforzo, entrenamento e actividades adaptadas segundo as necesidades que, encamiñen a avaliación positiva das competencias.

Traballarase en conexión co equipo de orientación empregando metodoloxías de traballo individuais.

Programación da educación en valores.

A ensinanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc. .. continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de todas as etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito, os valores cívicos e éticos (educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a sexualidade, a educación do consumidor, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural) integranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

- Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo coma maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio
- Educación para a convivencia
 - Educación para a saúde. Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.
 - Educación para a paz
 - Fomentar a relación con outras persoas e participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.
 - Educación do consumidor. Trataremos este tema mediante a análise de anuncios publicitarios televisivos, tentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ao consumo e os mecanismos do mercado.
 - Educación non sexista. Identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua, tentando resolver a discriminación mediante formas axeitadas.
 - Educación ambiental. A través da visualización de documentos televisivos reflexionarase sobre problemas medioambientais, contemplando posibles solucións.
 - Educación vial. Fomentaranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñados a facer un uso correcto da vía pública, analizando criticamente as mensaxes.

Actividades complementarias e extraescolares.

Realizaranse as actividades aprobadas polo departamento de Imaxe persoal.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Son aquelas actividades que complementan de maneira significativa as áreas curriculares establecidas no Proxecto Curricular de Centro.

Os obxectivos para conseguir deben coincidir cos obxectivos propostos a nivel de aula.

Os contidos deberán estar en consonancia cos propios de cada área.

O desenvolvemento destas actividades supón a presenza e coordinación do profesor / titor do grupo / aula, xa que o desenvolvemento do taller debe complementar a actividade curricular que se está realizando.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Son aquelas que se desenvolven fóra do horario lectivo, e poderanse situar nos períodos de comedor ou ao termo das clases.

Son actividades que polo seu desenvolvemento non se consideran imprescindibles para a formación mínima que han de recibir os/as alumnos/as.

Caracterízanse polo seu carácter voluntario, polo que ningún alumno/a pode ser obrigado a asistir ao desenvolvemento das mesmas.

Non forman parte do proceso de avaliación polo que pasan os/as alumnos/as para a superación dos distintos ensinos que integran os plans de estudo.

Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Os seguimento realizaranse semanalmente na aplicación informática e enviarase un informe mensual para o/a tutor /titora.

Outros apartados.